



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que o Concello de Viveiro, con motivo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller traballadora, pretende convocar a través da Delegación de Muller e do Centro de Información ás Mulleres, o seguinte concurso:

- **IX CONCURSO DE DEBUXO ESCOLAR “MAMÁ TRABALLADORA”**

Bases para o concurso de debuxo escolar “máma traballadora”

Tendo en conta que dito concurso rexerese polas seguintes BASES:

1ª.- Poderán participar todos e todas os alumnos e alumnas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria dos diferentes centros escolares do concello .

2ª.- As obras deberán ser orixinais e poderase utilizar calquera técnica de debuxo.

3ª.- O tema dos debuxos debe ser a MAMA TRABALLADORA, en calquera ámbito da vida, tanto na esfera pública como na privada.

4ª.- Cada centro escolar fará unha preselección de debuxos, elixindo cinco propostas para cada unha das categorías:

- *Categoría de 3º de Educación Primaria*
- *Categoría de 4º de Educación Primaria*
- *Categoría de 5º de Educación Primaria*
- *Categoría de 6º de Educación Primaria*

5ª.- As obras deberán presentarse nun sobre pechado consignando no seu exterior “Concurso de debuxo escolar Mamá traballadora”, acompañado da seguinte documentación: ficha de inscrición-autoría cos datos persoais do neno ou nena (nome e apelidos) así como curso e centro escolar ao que pertence, e un teléfono de contacto (o do centro escolar).

6ª.- Os traballos deberán presentarse ou dirixirse ao Centro de Información ás Mulleres de Viveiro (Avda. Cervantes S/N – Claustros San Francisco 27850 VIVEIRO)





7ª.- O prazo de recepción dos traballos no CIM empezará a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e finalizará o **26 de febreiro de 2024**

8ª.- Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo) o Concello de Viveiro montará unha Exposición cos debuxos presentados e, no momento da clausura de dita Exposición, darase a coñecer o debuxo gañador en cada categoría

9ª.- Establécense os seguintes premios: Diploma e lote educativo para o/a alumno/a gañador de cada unha das categorías.

10ª.- O xurado estará composto por un grupo de persoas relacionadas coa área de cultura e muller, que valorarán os traballos presentados, tendo en conta a calidade artística dos mesmos, para outorgar os premios.

11ª.- Os debuxos premiados quedarán en propiedade do Concello de Viveiro, que poderá facer uso dos mesmos para a súa publicación, podendo utilizalos para a edición de carteis en futuras campañas de sensibilización.

12ª.- O/a alumno/a gañador/a do concurso renuncia a todos os dereitos relacionados coa súa obra.

13ª.- A organización reservarase o dereito de facer as modificacións oportunas que poidan contribuír ao mellor desenvolvemento do concurso.

14ª.- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases, das decisións do xurado, e a renuncia a calquera reclamación. O xurado poderá deixar deserto o premio se o considerase oportuno.





RESOLVO

1. Aprobar as Bases do Concurso de Debuxo Escolar “Mamá Traballadora”
2. Ordenar a publicación das citadas bases para o ano 20234 no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Viveiro.

Viveiro, na data que consta á marxe

A Alcaldesa

Asdo.: María Loureiro García.

A Secretaria Xeral

Asdo.: María Luz Balsa Rábade.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

